

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 19 DE NOVEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezanove de Novembro de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 11 de Novembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Nicolas Domínguez Domínguez, veciño do Seixo, no que interesa autorización para construír un galpón nunha finca da súa propiedade sita no lugar de Fondo de Vila, Camiño Sanín, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "O Camiño denominado Sanín-Seixo, atópase en fase de ampliación e mellora; a liña de cerramento terase que establecer a 5,50 metros do eixe; atópase construída unha cancela coas súas correspondentes pilastras de formigón a 2,35

metros do eixe, non sendo regulamentaria a súa ubicación nas NN.SS.M.; o galpón ou cobertizo situarase na liña de 5,50 metros do eixe; solicitará licenza para obras en base a estas condicións".

Visto o escrito de Don Julio Rivera Fernández, veciño desta Vila, con domicilio na rúa San Martín, 6, no que interesa devolución de aval constituído no seu día para responder do estado da devandita rúa pola construción dunha obra da súa propiedade sita na rúa Yáñez, 29, por importe de 80.000 pesetas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda non devolve-lo aval en cuestión, baseándose nun informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "O inmovble corresponde a un expediente sen cerrar e que presenta varias irregularidades respecto á licenza concedida.- Apertura da actividade en planta baixa sen licenza.- Carpintería de aluminio, etc.".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, sobre incoación expediente sancionador: OR-E-0024/1996.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de Colaboración entre este Concello e mailo Centro de Estudos Medievais, polo cal este Centro facilita unha persoa para a atención de visitas guiadas no servizo de información turística do Concello para os meses de Outubro e Novembro de 1996, comprometéndose coma contraprestación o Concello de Ribadavia a aboa-la cantidade de 60.000 pesetas polo devandito servizo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do INEN ó amparo do Convenio de colaboración social regulado polo Real Decreto 1445/82, un traballador para a limpeza de vías públicas ata o 31 de Decembro de 1996.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.